

CONVENIO DE COLABORACIÓN EN MATERIA DE TESOURERÍA, CONFECCIÓN DE INSTRUMENTOS DE COBRAMENTO E RECADACIÓN DE INGRESOS DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

En, o de dous mil oito

INTERVEÑEN

Dunha parte, o Excmo. Sr. D. José Clemente López Orozco, na súa calidade de Alcalde Presidente do **EXCMO. CONCELLO DE LUGO** (en adiante, CONCELLO), con CIF número P2702800J.

Da outra D. Walter Álvarez Álvarez en nome e representación de **CAIXA DE AFORROS DE GALICIA** ou **CAIXA DE AFORROS DE GALICIA** (en adiante, CAIXA GALICIA), con CIF número G-15028947, e con domicilio na Coruña (rúa Nova, 30-32), representación que ten en virtude do poder outorgado ó seu favor mediante escritura do 2 de febreiro de 2005, autorizada polo notario de A Coruña, Don Alfonso García López, co número 333 do seu protocolo.

Ambas partes recoñécense mutuamente capacidade legal suficiente para o outorgamento deste convenio,

EXPOÑEN

I. Que, de conformidade co establecido no Regulamento xeral de recadación, aprobado polo Real decreto 939/2005, do 29 de xullo (BOE número 210, do 2 de setembro de 2005), Regulamento Xeral de Recadación, lle corresponde ó CONCELLO a xestión recadatoria dos tributos do seu ámbito territorial.

II. Que o artigo 23. b) do citado corpo normativo determina que a recadación de débedas de vencemento periódico e notificación colectiva poderá facerse a través das entidades de depósito coas que se acorde a prestación do servizo.

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- CONTAS RESTRINXIDAS DE RECADACIÓN

CAIXA GALICIA prestaralle ó CONCELLO, nos termos estipulados neste convenio, os servizos da entidade colaboradora no ámbito da recadación dos tributos municipais e demais ingresos de dereito público.

1. CAIXA GALICIA, nas súas oficinas de Lugo, manterá as seguintes contas de recadación actualmente abertas:

a) EXCMO. CONCELLO DE LUGO - CONTA RESTRINXIDA DE RECADACIÓN NA RECADACIÓN VOLUNTARIA

Conta restrinxida de colaboración na recadación, na que se recollerán os ingresos de recibos de vencemento periódico e notificación colectiva cobrados por portelo, os ingresos derivados

de liquidacións practicadas polo CONCELLO cobrados por portelo e, se fose o caso, o aboamento dos recibos domiciliados.

b) EXCMO. CONCELLO DE LUGO - CONTA RESTRINXIDA DE RECADACIÓN NA RECADACIÓN DE EXECUTIVA

Conta restrinxida de colaboración na recadación, na que se recollen os ingresos por recadación executiva e embargos.

2. Nas contas ingresarase o importe dos cobramentos efectuados, e non poderán realizarse máis operacións de débeda que as derivadas de correccións de erros, devolucións de recibos e transferencias, todo iso logo da indicación do Excmo. Concello de Lugo e á conta que el indique.

As CONDICIÓNAS FINANCEIRAS serán as seguintes:

- Xuros de aboamento: a media dos tipos diarios do euribor a 1 mes, dos 20 primeiros días do mesmo mes, redondeada á alza a 1/20 de punto, menos un diferencial do 0,20. O resultado aplícase con data valor do día 1 dese mes.

SEGUNDA.- CONFECCIÓN DE INSTRUMENTOS DE COBRAMENTO E RECADACIÓN DE DÉBEDAS DE VENCEMENTO PERIÓDICO E NOTIFICACIÓN COLECTIVA – RECIBOS NON DOMICILIADOS

1. A xestión recadatoria, en período voluntario de cobranza, dos tributos locais de vencemento periódico e notificación colectiva corresponde ós tributos seguintes:
 - IBIU (imposto sobre bens inmobles de natureza urbana)
 - IBIR (imposto sobre bens inmobles de natureza rústica)
 - IAE (imposto sobre actividades económicas)
 - IVTM (imposto sobre vehículos de tracción mecánica).
 - Vaos.
 - Taxa polo consumo de auga e sumidoiros.
 - Licenzas
 - Calquera outro que no seu día se poida conveniar.
2. O CONCELLO facilitaralle a CAIXA GALICIA soporte magnético comprensivo dos recibos das débedas tributarias referidas, para que esta confeccione os documentos de COBRAMENTO/AVISO DE PAGAMENTO.
3. O citado soporte magnético seralle devolto por CAIXA GALICIA ó CONCELLO á terminación do servizo de confección dos documentos mencionados.
4. CAIXA GALICIA entregaralle ó CONCELLO ou, se é o caso, depositará no Servizo de Correos os citados documentos de COBRAMENTO/AVISO DE PAGAMENTO introducidos en sobres individualizados, facilitados polo CONCELLO.
5. Os servizos de impresión e ensobrado dos documentos de COBRO/AVISO DE PAGAMENTO referidos no parágrafo 4) anterior, serán prestados ó CONCELLO, nos termos establecidos neste Convenio, por INFORSISTEM, S.A., con domicilio social en L' Hospitalet de Llobregat (Barcelona), calle Ciencias, número 153-155 e provista de C.I.F. nº B15736374. A prestación por INFORSISTEM, S.A. dos expresados servizos queda condicionada á previa e expresa adhesión de INFORSISTEM, S.A. ó Convenio, adhesión

que deberá comunicar por escrito, firmado por apoderado con poder bastante, ó CONCELLO e a CAIXA GALICIA

6. Ós DOCUMENTOS DE COBRAMENTO/AVISO DE PAGAMENTO referidos no parágrafo 4) anterior incorporaránselle os oportunos códigos de barras para evitar erros e posibilitar o seu pagamento a través de caixeiros automáticos.
7. Mediante a presentación dos citados documentos de COBRAMENTO/AVISO DE PAGAMENTO, os contribuíntes poderán efectuar o pagamento dos seus tributos en Caixa Galicia, mediante ingreso en efectivo ou cargo en conta.
8. Caixa Galicia deberá reflectir nos documentos de COBRAMENTO/AVISO DE PAGAMENTO, como xustificante de pagamento deles, certificación mecánica ou selo e sinatura da oficina recadadora, para que teña poder liberatorio ante o CONCELLO.
9. Se os documentos de COBRAMENTO/AVISO DE PAGAMENTO son pagados mediante tarxeta de crédito ou de débito en caixeiros automáticos, e posto que na actualidade estes equipos non poden realizar validacións ou certificacións mecánicas, a dilixencia de pagamento constituirá o documento emitido polo caixeiro automático recollendo como mínimo os seguintes datos:
 - Emisora
 - Referencia
 - Importe
 - Identificación
 - Data da operación
10. Cando Caixa Galicia admita o pagamento dos documentos de COBRAMENTO/AVISO DE PAGAMENTO a través de Internet, banca virtual (Caixa Activa) ou pola Web do Concello, facilitaralle ó contribuínte un documento que recolla como mínimo os seguintes datos:
 - Emisora
 - Referencia
 - Importe
 - Identificación
 - Data da operación
11. Caixa Galicia admitirá os ditos ingresos todos os días que sexan laborables para esta, durante o horario de apertura ó público.
12. A información, mediante soporte magnético, do cobramento dos documentos de COBRAMENTO/AVISO DE PAGAMENTO tramitarase de acordo cos requisitos técnicos establecidos no caderno número 60 do Consello Superior Bancario.
13. Os importes ingresados nas contas restrinxidas de colaboración na recadación traspasaránse á conta operativa que indique o CONCELLO, dentro dos SETE DÍAS HÁBILES seguintes inmediatos ó final da quincena 5 ó 20 (o día seguinte hábil) e sempre dentro do mes (art. 29 do Regulamento xeral de recadación) ou en data posterior se así o solicita ó CONCELLO.
14. CAIXA GALICIA non percibirá comisión ou custo ningún pola xestión de cobramento, nin poderá repercutilo sobre o contribuínte.

TERCEIRA.- RECADACIÓN DE DÉBEDAS DE VENCEMENTO PERIÓDICO E NOTIFICACIÓN COLECTIVA - RECIBOS DOMICILIADOS

1. Os contribuíntes poderán domiciliar o pagamento dos tributos periódicos na entidade de crédito na que manteñan conta, sexa ou non entidade colaboradora.
A xestión de cobramento dos recibos domiciliados poderá ser obxecto de concurso entre as distintas entidades colaboradoras do Excmo. Concello de Lugo.
2. A xestión de cobramento dos recibos domiciliados axustarase ó que, sobre “recadación de tributos periódicos domiciliados”, se establece no folleto número 60, “recadación de tributos e outros ingresos municipais”, da “serie normas e procedementos interbancarios”. O tratamento operativo e deseños dos rexistros informáticos para aplicar serán os recollidos no folleto número 19, “débeda por domiciliacións en soporte magnético”, da “serie normas e procedementos bancarios”, do Consello Superior Bancario.
3. O CONCELLO facilitaralle os soportes coa información das domiciliacións á entidade colaboradora co obxecto de que esta faga chegar as ordes de débito ás entidades domiciliatarias, segundo está regulamentado nas normas e instrucións operativas do subsistema xeral de intercambios de débedas por domiciliacións do Subsistema Nacional de Compensación Electrónica (SNCE) e no folleto número 45 da “serie normas e procedementos bancarios” do Consello Superior Bancario e convenio.
4. O CONCELLO pódelle facilitar a totalidade dos soportes coa información das domiciliacións, ou parte deles, a CAIXA GALICIA.
5. O cargo ós contribuíntes efectuarase nas datas que o CONCELLO indique a CAIXA GALICIA.
6. CAIXA GALICIA ingresará na conta restrinxida de recadación o importe total da remesa, na mesma data na que se carguen nas contas dos clientes ou sexan cargadas a outras entidades domiciliatarias.
7. O importe do cargo dos recibos devoltos cargarase na conta restrinxida de recadación con igual valoración da data de aboamento.
8. O soporte dos recibos devoltos, xunto co xustificante de cargo correspondente, faráselle chegar ó CONCELLO no prazo de 35 días naturais, desde a data de cargo ós contribuíntes.

CUARTA.- OBRIGAS DE CAIXA GALICIA E DE INFORSISTEM, S.A., EN RELACIÓN COS DATOS OBXECTO DE TRATAMENTO.

1. CAIXA GALICIA, respecto dos datos tanto de persoas físicas como xurídicas que lle sexan facilitados ou se xeren no marco da prestación dos servizos que se lle encomendan por virtude deste convenio, e como encargada do tratamento de tales datos, asume de maneira expresa fronte ó CONCELLO, responsable do dito tratamento, as obrigas que se indican a continuación:
 - a) Axustarse en todo momento, respecto do tratamento dos datos referidos, ó establecido na Lei orgánica número 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, nas disposicións que as desenvolvan e interpreten, e no Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenrolo da Lei Orgánica 15/1999.

- b) Tratar os datos unicamente de conformidade coas instrucións do CONCELLO.
 - c) Non aplicar nin utilizar os ditos datos cun fin distinto ó da prestación ó CONCELLO do servizo concreto obxecto deste convenio para cuxo efecto os reciba.
 - d) Tratar os mencionados datos coa máis estrita confidencialidade e, polo tanto, non comunicalos, nin tan sequera para a súa conservación, a outras persoas ou entidades.
 - e) De conformidade co establecido no artigo 9º da Lei orgánica número 15/1999, implementar as medidas de índole técnica e organizativas necesarias que garantan a seguridade de tales datos e eviten a súa alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizado. Concretamente, implementaranse, cando menos, as medidas de nivel básico e medio de conformidade co establecido no Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro, polo que se aproba o regulamento de desenrolo da Lei Orgánica 15/1999, de Protección de Datos de Carácter Persoal.
 - f) Unha vez cumprida a prestación contractual correspondente, destruír ou devolverlle ó CONCELLO, a elección deste último, os datos tratados, igual que calquera soporte ou documento en que conste algún dato obxecto de tratamento.
2. O establecido na letra d) do parágrafo 1 anterior entenderase sen prexuízo do acceso de INFORSISTEM, S.A., ós datos a que o dito parágrafo se refire, cando o dito acceso sexa necesario para a prestación por INFORSISTEM, S.A., ó CONCELLO dos servizos de ensobrado que neste convenio se lle encomendan.
3. Pola súa parte, INFORSISTEM, S.A., respecto dos datos tanto de persoas físicas como xurídicas que lle sexan facilitados ou se xeren no marco da prestación dos servizos de impresión e ensobrado que se lle encomendan neste convenio, e como encargada do tratamento de tales datos, asume expresamente fronte ó CONCELLO, responsable do dito tratamento, as mesmas obrigas referidas nas letras a), b), c), d), e) e f) do parágrafo 1 desta estipulación.

QUINTA.- DURACIÓN

Este convenio terá vixencia desde a data da súa sinatura, ata o trinta e un de decembro de dous mil nove, e renovarase tacitamente, por anos naturais, de non mediar denuncia ou modificación por ningunha das partes cun mes de antelación ó seu vencemento.

SEXTA.- ESTIPULACIÓN FINAL

1. O Excmo. Alcalde Presidente, sobre a base da proposta emitida pola Tesourería Municipal, poderá ordenar a práctica de comprobacións referentes ás actuacións da entidade colaboradora, dirixindo requirimentos ós seguintes departamentos de CAIXA GALICIA:
- Subdirección de Servizos Operativos – Dpto. Cobramentos e Pagamentos – Área de Operacións e Compensación
 - Centro de Proceso de Datos – Deseño e Desenvolvemento– Area Comercial

2. Este convenio coa entidade colaboradora resolverase en caso de que, por causas imputables a esta última, se incumpriran as obrigas derivadas del.

Para a debida constancia de todo o convido, asínase este convenio, por triplicado exemplar, no lugar e data ó principio mencionados.

POLO CONCELLO DE LUGO

POLA CAIXA DE AFORROS DE GALICIA

Asdo.:

Asdo.: